

Acta núm. 28/2020.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 07 de outubro de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES

Carlos Noya Pereira.

Sandy Marie Cebral Gómez.

María Rosa Romero Fariña.

José Luis Sampedro Bouzas.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 7 de outubro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 27/2020, DO 15.09.2020.
- 2º) ACEPTACIÓN DAS COMPETENCIAS DELEGADAS POLA ALCALDÍA.
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIAS (OBRA MENOR).
- 4º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 27/2020, DO 15.09.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 15.09.2020, acta núm. 27/2020.

SEGUNDO.- ACEPTACIÓN DAS COMPETENCIAS DELEGADAS POLA ALCALDÍA.

Dada conta do decreto da alcaldía do 29.09.2020, que transcrito di:

Resultando que no Pleno do 18.09.2020 produciuse a miña toma de posesión como alcalde deste Concello.

Resultando necesario proceder á reorganización do goberno municipal para adaptar a composición dos distintos órganos á nova realidade xurdida como consecuencia da renuncia do anterior alcalde.

Considerando o establecido no art. 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 43, 46, e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), ao abeiro das competencias desta alcaldía, resolvo:

1º) Designar como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

- Carlos Noya Pereira.
- María Rosa Romero Fariña.
- Sandy Marie Cebral Gómez.
- José Luis Sampedro Bouzas.

2º) Nomear tenentes de alcalde do Concello de Brión a:

- Primeiro: Carlos Noya Pereira.
- Segundo: Sandy Marie Cebral Gómez.
- Terceiro: María Rosa Romero Fariña.
- Cuarto: José Luis Sampedro Bouzas.

Os tenentes de alcalde, pola orde do seu nomeamento, substituirán ao alcalde na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade, vacante ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas funcións, de conformidade co previsto nos artigos 46, 47 e 48 do ROF.

3º) Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias da alcaldía:

-. O outorgamento das licenzas e comunicacións previas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

-. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

-. A aprobación das liquidacións tributarias devengadas pola tramitación de licenzas e comunicacións previas.

Darase conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre con posterioridade a esta resolución para os efectos da aceptación das competencias delegadas.

4º) Notificar esta resolución aos concelleiros designados, publicala no BOP da Coruña e dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aceptar as competencias delegadas pola alcaldía.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALBERTO SACIDO ROMERO, na que comunica que vai instalar un panel fotovoltaico para autoconsumo na cuberta dunha vivenda sita en Brión de Abaixo nº 26 – Brión.

A parcela na que se van executar as obras (referencia catastral nº 5460101NH2456S0001RT), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 87,94 euros.
- . Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 152,51 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Roberto Riveiro Recarey, que di actuar en representación da C.P. BALNEARIO DO TREMO, na que comunica que van substituír unha galería da planta primeira do portal nº 6, da Urbanización Balneario do Tremo – Os Ánxeles, cos mesmos acabados e dimensións.

A edificación na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,50 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 76,07 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Roberto Riveiro Recarey, que di actuar en representación da C.P. EDIFICIO DEVESA DA GÁNDARA 2º Bloque, na que comunica que van reparar a impermeabilización unha das ventás da cuberta, no portal nº 3 da Urbanización Devesa da Gándara- Os Ánxeles, substituíndo os elementos en mal estado e aplicando unha nova impermeabilización nos encontros.

A edificación na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 4 do PXOM (UNC1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANDRA MARÍA DÍAZ MOURE, na que comunica que vai limpar a cuberta e reparar a cheminea dunha vivenda sita en Beca nº 5 – Bastavales, para garantir as condicións de estanquidade da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 9810301 NH2491S0001KT) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,84 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 82,41 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN FRAGA CEA, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita en Guitiande nº 9 – Os Ánxeles; o peche terá unha lonxitude aproximada de 20 metros lineais, situarase no linde sur para separación con outra parcela, e farase con bloques e arame por enriba. A parcela onde se pretende executar as obras (referencia catastral nº 7450829NH2475S0001FL), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1) e sitúase dentro da aldea de Guitiande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE4 e, en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal. A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte cega de bloques de formigón terá unha altura máxima de 1,20 metros, e a altura total do peche será de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.
- A parte cega de bloques será convenientemente revestida e pintada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 21,50 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 86,07 euros

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMONA TORREIRA LORASQUE, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Vidaloiro nº 2 – Bastavales, substituíndo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 8818404NH2481N0001UH) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1) e sitúase dentro da aldea de Vidaloiro, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como VE5 e, en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 151,14 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 215,71 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER SÁNCHEZ CONDE, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita en Lamiño nº 38 – Brión; o peche terá unha lonxitude aproximada de 38 metros lineais, linda coa vía

pública e farase de fábrica aplacado en pedra.

A parcela na que se van executar as obras (referencia catastral nº 6758208NH2465N0001LU), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche situarase mínimo a 6 metros do eixo do vial, segundo aliñación recollida nos planos de ordenación do PXOM.

- A altura máxima do peche cego será de 1,20 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 40,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 104,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMÓN NOVO ABETE, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita na rúa Senra nº 23- Os Ánxeles, limpando e pintando a totalidade das fachadas, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6848405NH2464N0001ED) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 69,60 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 69,60 euros.

CUARTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ÁNGELA MOSQUERA BLANCO, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Soigrex nº42 – Bastavales.

A Xunta de Goberno Local do 07.08.2012, concedeu licenza para reconstruír e ampliar unha edificación existente e destinala a vivenda unifamiliar en Soigrex 42, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución modificado redactado polo Estudio de Arquitectura e Urbanismo Hernando Ezquerra SLP e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 07/03/2012 e documentación complementaria con visado colexial de data 16/07/2012.

A Xunta de Goberno Local do 05.02.2013, concedeu prórroga do prazo de inicio das obras de reconstrución e ampliación da edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado polo Colexio profesional correspondente con data

02.06.2020, e do informe favorable do asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, autorizando á interesada o mantemento en precario do muro de peche que se sitúa na porción obxecto de cesión ao Concello con destino a viario público, coa condición de proceder á súa demolición, sen indemnización ningunha, no momento que o Concello o requira, e singularmente, cando se proceda polo Concello á ampliación do viario, quedando entre tanto o muro en situación de fora de ordenación, sen que se poidan levar a cabo no mesmo máis obras que as que se permiten ás construcións incursas en tal situación (art. 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González